

Á/a Sra. XERENTA DA ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO
U.P.R.L
DIRECCIÓN DE ENFERMERÍA
DIRECCIÓN DE RRHH
DIRECCIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS



O pasado día 24 de Abril, foi remitido dende esta central sindical, escrito para que coa máxima urxencia fosen avaliadas e de ser o caso, retiradas , unhas máscaras “cirúrxicas” marca das que na caixa non se desprendía a información suficiente e garantías de calidade, e pedíase a U.P.R.L unha avaliación.

Hoxe, 29 de Abril do 2020, vólvese producir outra incidencia deste tipo, con outras máscaras “cirúrxicas” ,marca “QJMDM Face Mask 3 ply on woven” tanto en Urxencias, Urxencias Pediatría, Hospitalización de Conxo e incluso de Pacientes, nas que manifestan que as máscaras producen picor ao cabo de 10 minutos de telas postas na cara, feito relatado tanto por pacientes como por profesionais dos dous hospitais.
Xúntanse fotos referenciando a caixa das máscaras en cuestión, xa que descoñecemos o grao de protección IR,IIR?ou o certificado EN correspondente de normativa.

SOLICÍTASE:

- Ficha técnica e avaliacións correspondentes por parte da UPRL deste material, ou a quen lle corresponda e certificación do grao de filtración correspondente para o seu uso hospitalario.
- Investigación dos feitos relatados, retirada (de ser o caso) dos produtos ou stocks almacenados
- Realización de probas pertinentes ao persoal exposto con esta máscara , de non cumprir coa normativa EN14683
- Notificación por escrito das medidas tomadas a cabo pola empresa ante esta exposición de feitos. Notificación de retirada de ser o caso.

Santiago de Compostela a 29 de Abril do 2020



Xabier Alvedro Álvarez



X.M.Marcote Baña